

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: sala de xuntas de Posgrao (edificio anexo á Xerencia, 2º andar)

Data: 19 de julio de 2019

Hora de comezo: 9.50 h

Hora de remate: 11:40 h

ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

Joaquín Collazo Rodríguez (director da Área de Calidade)

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus do Mar)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Teresa Rivas Brea (responsable de calidade dos PD do ámbito Artes e Humanidades)

Marcos Arias Acuña (secretario académico da Eido), secretario

XUSTIFICAN A NON ASISTENCIA

Ángeles Parrillas Lata (responsable de calidade dos PD do ámbito Xurídico-Social)

Sara Martínez Carrera (alumna)

INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2 Informe do presidente
- 3 Situación dos programas de calidade en doutoramento: SGC, seguimento e acreditación dos programas de doutoramento e medición da satisfacción
- 4 Análise dos resultados da enquisa de estudantes de 1º e 3º ano feita en 2019 (curso 2017/18)
- 5 Aprobación da programación de renovación da acreditación dos programas de doutoramento 2020-2021
- 6 Análise e validación dos informes de renovación da acreditación dos programas de doutoramento do programa piloto 2019
- 7 Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Apróbase por asentimento a acta da sesión anterior, de carácter ordinario, do día 13.12.2018. Detectouse un erro na acta polo que se enviará a correcta por correo electrónico.

2 Informe do presidente

O director da Eido informa sobre as seguintes cuestións:

- Situación das verificacións e modificacións dos PD: recibíuse o informe provisional do programa de doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química e a Resolución do Consello de Universidades coa verificación en sentido positivo do Programa de Doutoramento en Protección del Patrimonio Cultural polas universidades de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña. Cóntase co informe favorable de verificación do P.D. en Turismo pola Axencia Andaluza do Coñecemento, aínda que está pendente a resolución do Consello de Universidades. A implantación do programa non está asegurada para o curso 2019/20. Con respecto as modificacións, a expresión de interese do PD en Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns decaeu pola participación do programa no piloto de renovación da acreditaci3n e a expresión de interese do PD en Protección del Patrimonio Cultural decaeu pola verificación do novo programa coa inclusi3n da UDC.

- Participaci3n e integraci3n do programa HR Human Resources Strategy for Researchers: o técnico superior de calidade da Área de Calidade comenta que os estándares europeos de investigaci3n que establece a Comisi3n Europea a través deste programa abranguen tamén ao ciclo de doutoramento.

Na Universidade de Vigo, a Implantaci3n do Plan de Acci3n que inclúe 15 acci3ns ou liñas de acci3n cunha proxecci3n temporal está entre Q3 2017 e Q4 2020. A fase de implantaci3n actual prevé executar 11 das 15 acci3ns, comezando coa implantaci3n da estratexia OTM-R. Despois se emitirá un informe interno (InternalReview). Os aspectos para considerar serán a transversalidade das acci3ns, a eficacia

destas, os cambios na estrutura organizativa, a comunicación e difusión institucionais, a estratexia HR e OTM-R. Posteriormente, farase unha re-definición e aprobación dos grupos de traballo (WG) en CG: Steering Committee, Órgano de máximo nivel institucional; Working Group (WG), Órgano estable de xestión e coordinación; Implementation WG (IWG), grupo de traballo implantación; Open Transparent & Merit Based Recruitment WG (OTM-R WG), grupo de traballo da estratexia de contratación. O director da EIDO e o xefe de servizo de xestión de estudos de Posgrao incorporáronse ao WG de investigación predoutoral. Por último, houbo outra revisión interna, (Internal Review) o 30.05.2019 e unha Administrative eligibility approved o 21.06.2019, quedando pendente o Interim Assessment.


- Petición da vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación sobre o tratamento do estudiantado de doutoramento do programa PIUNE: o técnico superior de calidade da Área de Calidade comenta a solicitude e indica que o procedemento será actualizado para unha próxima revisión do proceso (para analizar na primeira revisión do sistema, prevista para fin de 2020) .

3 Situación dos programas de calidade en doutoramento: SGC, seguimento e acreditación dos programas de doutoramento e medición da satisfacción

O director da Eido a certificación do Sistema de Garantía de Calidade está pendente do informe da ACSUG. Nos enviámoslo, tras a aprobación no Comité de Dirección, en decembro de 2018.

Tamén informa que hai que planificar as renovacións das acreditacións, que se aprobará no punto 5 da orde do día. Neste programa piloto estanse a renovar a acreditación de catro programas: PD en Ciencias da Educación e do Comportamento, PD en Ordenación Xurídica do Mercado, PD en Tecnoloxías da información e as comunicacións e PD en Educación, Deporte e Saúde. Os restantes programas que deberían pasar a renovación da acreditación no 2019 (verificados no 2013), acóllense á moratoria de 2 anos (RD 103/2019 Estatuto do Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación – Disposición adicional 1ª que modifica o RD 1393/2007).

Con respecto ao seguimento, recibíronse a resposta á metade dos informes enviados (9 de 16), dos cales 7 son conformes e 2 non conformes. Solicitouse á ACSUG que enviara o resto. O programa de Análise Económica e Estratexia Empresarial debería pasar seguimento este curso, pero adíase xa que se lle aplica a moratoria. Enviouse á ACSUG unha proposta consensuada entre as 3 universidades para facer o seguimento interno e estamos á espera da súa resposta. A proposta é a seguinte:



O técnico superior de calidade da Área de Calidade comenta o deseño da avaliación da satisfacción dos grupos de interese dos PD da EIDO: este curso fíxose a terceira enquisa ao estudiantado; falouse coa ACSUG para que fixeran a enquisa de inserción laboral; fíxose a primeira enquisa a titores e directores (abranguendo o período 2012/13 a 2017/18), que é bienal; falta poñer en marcha a enquisa do final da tese e a do PAS, que estaba planeada para febreiro pero detívose para tentar consensuar coas outras universidades do SUG; faltarían as de titulados, de entidades colaboradoras e as dos empregadores.

4 Análise dos resultados da enquisa de estudantes de 1º e 3º ano feita en 2019 (curso 2017/18)

O Secretario Académico da EIDO presenta os resultados da enquisa de alumnado feita no ano 2019. A conclusión final é que o resultado é positivo, aínda que hai que intentar mellorar o grado de participación nos programas pequenos para que a enquisa sexa significativa, e tamén mellorar os aspectos de información de becas, contratos e información na WEB.

A dirección da EIDO reunírase coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais para mellorar a información que aparece na WEB.

5 Aprobación da programación de renovación da acreditación dos programas de doutoramento 2020-2021

A Universidade de Vigo solicitou, o día 12 de abril de 2019, unha solicitude de moratoria de dous anos nas renovacións da acreditación dos programas de doutoramento verificados no ano 2013 consonte o establecido no Real decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación, na súa disposición final primeira Modificación do Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, que incorpora na Disposición adicional décimo quinta. Esta solicitude detalla os programas de doutoramento que se incorporan á experiencia piloto de acreditación no ano 2019.

A ACSUG, na reunión mantida con representantes das tres universidades do SUG o 16.05.2019, solicita o envío, antes do 31 de xullo, da planificación para acreditar os PD nos cursos 2019/2020 e 2020/2021, tratando de equilibrar o número de acreditacións por rama de coñecemento nos dous cursos indicados.

Tendo en conta o anterior, a Comisión de Calidade da Eido, aproba enviar a renovación de acreditación no curso 2019/2020 aos seguintes programas: PD en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria, PD en Enxeñaría Química, PD en Xeotecnoloxías aplicadas á Construcción, Enerxía e Industria, PD en Xestión e resolución de conflitos, Menores, Familia e Xustiza terapéutica, PD en Comunicación, PD en Estudos Literarios, PD en Creación e Investigación en Arte Contemporánea (pendente ratificación da CAPD), PD en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida, PD en Biotecnoloxía Avanzada e PD en Equidade e innovación en educación.

E enviar no curso 2020/2021 aos seguintes programas: PD en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria, PD en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables, PD en Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica, PD en Estudos Lingüísticos, PD en Tradución e Paratradución, PD en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces, PD en Ecosistemas Terrestres, Usos Sustentables e Implicacións Ambientais, PD en Física Aplicada,

6 Análise e validación dos informes de renovación da acreditación dos programas de doutoramento do programa piloto 2019

A Comisión solicita ao programa de doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento que axuste o seu cadro docente para tratar de achegarse na medida do posible ao 60% de sexenios vivos, e que *xunte* os méritos dos profesores portugueses.

Valídanse os informes de renovación de acreditación dos catro programas: PD en Ciencias da Educación e do Comportamento, PD en Ordenación Xurídica do Mercado, PD en Tecnoloxías da información e as comunicacións e PD en Educación, Deporte e Saúde.

7 Rolda de intervencións

Non se produciron intervencións.

ACORDOS

- 1 Apróbase a acta anterior, ordinaria, do 13.12.2018.
- 2 Apróbase a programación da renovación da acreditación dos programas de doutoramento.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente

5. Aprobación da programación de renovación da acreditación dos programas de doutoramento 2020-2021

2019 (piloto)	2020	2021	2022 e posteriores
	Bioteconoloxía avanzada	C e T. coloides e interfaces	Ciencias Mariñas ...
	M. e A. ciencias da vida	Física aplicada	Campus Auga ...
	C. e T. agroalimentaria	Ecosistemas terrestres ...	
	Xeotecnoloxías aplicadas ..	Inv. Tec. e P A Industria	
Tecnoloxías da I e Com.	Enxeñaría Química	Sistemas software ...	
		Tecnoloxía aeroespacial	
Educación, deporte e saúde	Xestión e res. conflitos ...		<- Análise económica (2020)
C. educación e do comport.	Equidade e innovación en ed.		Protección patrimonio c.
Ordenación xurídica mercado	Comunicación	Estudios lingüísticos	Campus Crea
	Estudios literarios	Tradución e paratradución	
	Creación e I. Arte contemp->		
4	10	8	5